

# **IES PEDRO FLORIANI**

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS,**

### **ÁMBITO DA SOCIEDADE, NIVEIS III-IV**

#### **CURSO 2022-2023**

1. Introducción
2. Obxectivos xerais
3. Contidos (Módulos 3 e 4)
4. Criterios e Sistemas de avaliación.
5. Distribución temporal
6. Metodoloxía
7. Materiais e recursos didácticos.

### **1. INTRODUCCIÓN**

A Orde do 24 de Xuño de 2008, DOG do 23 de Xullo establece o novo currículo para a educación secundaria das persoas adultas. O currículo da educación secundaria para persoas adultas organízase en tres ámbitos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito científico-tecnolóxico e ámbito social. A mencionada orde desenvolve o establecido con carácter xeral para todo o Estado na adicional primeira do Real Decreto 1631/2006 , de 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obligatoria. O Real Decreto establece, seguindo as propostas da Unión Europea, que as ensinanzas ordenadas nel deben orientarse ao logro das competencias básicas , imprescindibles para a realización persoal, para exercer a cidadanía activa, para incorporarse á vida social e laboral dun xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente aolongo da vida.

O ámbito social integra aquelas destrezas, valores e coñecementos que lle permiten, por unha parte, comprender axeitadamente as relacións do home co espazo que habita, interpretar o presente como froito dunha longa experiencia histórica e, por outra, desenvolver actitudes, destrezas e hábitos propios dunha sociedade democrática, baseada no respecto aos dereitos humanos e no exercicio das propias responsabilidades.

Os contidos das materias incluídas no ámbito social oriéntanse a proporcionar unha visión global do mundo e a transmitir un conxunto de valores para que o alumnado adopte unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria. Eses coñecementos supoñen tamén unha contribución fundamental na formación do alumnado adulto para encararse ao mundo laboral. Este ámbito recolle así aspectos profundamente arraigados na tradición pedagóxica occidental: a reflexión e o estudo sobre o espazo xeográfico e a historia; o achegamento á arte como elemento fundamental do humanismo; o diálogo e a reflexión como medio para cultivar o mutuo respecto e desenvolver unha auténtica educación moral propia dunha sociedade democrática avanzada. Levar a cabo a educación en "persoas adultas" inclúe non só a ensinanza de conceptos históricos, xeográficos, artísticos, económicos, senón tamén inclúe a necesidade de que estas persoas coñezan o seu medio, o ambiente social no que se moven, tanto no presente como no pasado. Esta área pode ter un papel moi importante na socialización. Comprender a súa propia cultura, sociedade..., non debe excluír a existencia doutras sociedades e culturas que, aínda que sexan distintas, debemos coñecer e valorar.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS**

- Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
- Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Desenvolver e consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes nas que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos

campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamentolóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

- Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
- Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
- Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
- Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exerciciode este dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.
- Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coacapacidade de afrontar e solucionar problemas.

### **3. NIVEL III: CONTIDOS**

Desenvolveranse os contidos que figuran no anexo I a Orde do 20 de Marzo de 2018, DOG do 12 de Abril para este nivel no cadro correspondente.

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo\\_da\\_educacion\\_basica\\_inicial\\_e\\_da\\_educacion\\_secundaria\\_para\\_persoas\\_adultas.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo_da_educacion_basica_inicial_e_da_educacion_secundaria_para_persoas_adultas.pdf)

### **NIVEL IV: CONTIDOS**

Desenvolveranse os contidos que figuran no anexo I a Orde do 20 de Marzo de 2018, DOG do 12 de Abril para este nivel no cadro correspondente.

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo\\_da\\_educacion\\_basica\\_inicial\\_e\\_da\\_educacion\\_secundaria\\_para\\_persoas\\_adultas.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo_da_educacion_basica_inicial_e_da_educacion_secundaria_para_persoas_adultas.pdf)

### **4. CRITERIOS E SISTEMAS DE AVALIACIÓN**

O alumnado realizará, como mínimo, dúas probas escritas por avaliación. Ademais deses exames previstos, o/a profesor/a poderá propoñer outras probas (individuais, de autoavaliación, coavaliación...) sempre que o estime conveniente para que o alumnado asimile aspectos da materia que sexan máis dificultosos.

Valorarase, para a cualificación global:

- 70% Exame
- 30% Traballo diario (participación, traballos escritos, mapas, gráficas, etc.)

A nota mínima requirida nos exames para facer media é un 3. Así mesmo, a media dos exames deberá ser como mínimo de 5 para que a materia se considere aprobada. O alumnado que, ao finalizar a segunda avaliación, non obteña un aprobado, poderá

realizar un exame de recuperación da avaliación que teñan suspensa. De suspender este exame, deberán presentarse ao final.

En canto aos traballos e exercicios recollidos polo/a profesor/a, de estar suspensos, os alumnos poderán repetilos, pero nese caso a nota non será maior do aprobado. Nos exames e traballos escritos terase en conta a presentación, a orde e a limpeza, así como a ortografía.

## **5. DISTRIBUCIÓN TEMPORAL**

### **MÓDULO 3**

#### **PRIMEIRA AVALIACIÓN** ( novemembro de 2021)

U.D. 9 SÉCULOS XVIII-XIX. A ILUSTRACIÓN. AS REVOLUCIÓNS BURGUESAS. O IMPERIO NAPOLEÓNICO. OS BORBÓNS EN ESPAÑA. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL. SITUACIÓN INTERNACIONAL ENTRE 1890 E 1945. ESPAÑA NO SÉCULO XX. GALICIA DESDE 1900 ATA 1975.

Que foi o Antigo Réxime? O Século XVIII. As revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.

O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España. A Revolución Industrial. As revolucións burguesas nos séculos XVIII-XIX. Liberalismo político. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.

U.D. 10 O SÉCULO XIX. IMPERIALISMO, I GUERRA MUNDIAL. A REVOLUCIÓN RUSA. A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS. OS FASCISMOS. A II GUERRA MUNDIAL. A II REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL.

Concepto e causas do imperialismo. O mundo 1914 a 1918. A I Guerra Mundial. A Revolución Rusa. A II Guerra Mundial. O camiño cara a guerra (1931-1939). O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra civil. A Guerra Civil. O alzamento. A Arte

#### **SEGUNDA AVALIACIÓN** (xaneiro de 2022)

U.D. 11 PLANIFICACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA. OS ORZAMENTOS.

Ingresos e gastos. Identificación e control. Que é e como se elabora un orzamento? Necesidades económicas nas etapas da vida. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. Risco e diversificación

U. D. 12 O DIÑEIRO. O MERCADO FINANCEIRO

O diñeiro. O mercado financeiro. O contrato seguro.

### **MÓDULO 4**

#### **PRIMEIRA AVALIACIÓN** ( abril de 2022)

U.D. 13 A GUERRA FRÍA E O PROCESO DE DESCOLONIZACIÓN. EVOLUCIÓN DAS GRANDES POTENCIAS. A DITADURA DE FRANCO E A TRANSICIÓN. SITUACIÓN INTERNACIONAL ENTRE 1890 E 1945. ESPAÑA NO SÉCULO XX. GALICIA DESDE 1900

ATA 1975.

Concepto e causas da Guerra Fría. O proceso da descolonización. A evolución das grandes potencias. A Ditadura de Franco e a Transición política de España cara á democracia.

U.D. 14 O MUNDO ACTUAL. A GLOBALIZACIÓN. A UNIÓN EUROPEA

A globalización. Cambios económicos e sociais no século XXI. A constitución da Unión Europea. As institucións da Unión Europea. A arte.

## **SEGUNDA AVALIACIÓN ( xuño de 2022)**

U.D. 15 INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

O espírito emprendedor. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. Itinerarios formativos e carreiras profesionais.

U. D. 16 MERCADO DE TRABAJO. RELACIÓN LABORAL. DEREITOS E DEBERES

Dereito do traballo. O mercado de traballo. Funcionamento. O desemprego. A Seguridade Social. Protección do traballador e beneficios sociais. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.

## **6. METODOLOXÍA**

A metodoloxía que se empregará durante o curso na materia estará baseada en diversos principios metodolóxicos.

- Rol proactivo e autónomo do alumnado. O alumnado desenvolverá un papel activo e participativo que busque solucións aos problemas, retos e conflitos aos que se enfrente, dun xeito creativo, resiliente e efectivo. Ademais facilitarase que o alumnado sexa quen protagonice o seu proceso de aprendizaxe facilitando procesos nos que se sinta responsable (autoavaliación, debate, proposición...).
- Rol facilitador do profesorado. O profesorado terá un papel de guía e catalizador que achegue ao alumnado cara aos novos coñecementos. Potenciarase así o rol activo do alumnado que será quen se informará, se documentará e formulará as dúbidas que teña ao/á profesor/a.
- Aprendizaxe significativa. Buscarase partir sempre dos coñecementos previos do alumnado para poder asociar a nova información que vai adquirir coa que xa posúe, facilitando así a reconstrución e axuste das informacións entre si no neste proceso.
- Competencias clave. Prestarase especial atención ao desenvolvemento e adquisición das competencias por parte do alumnado. Así pois as competencias estarán presents ao longo de todo o curso, a través de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Personalización da aprendizaxe. O proceso de aprendizaxe busca axustarse ás fortalezas, necesidades, habilidades e intereses de cada estudante. Preténdese que cada estudante constrúa progresivamente o seu propio camiño baseándose e potenciando o que sabe, así como cales son as vías a través das que aprende mellor.
- Atención á diversidade. Construiranse mecanismos de reforzo, que se practicarán tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Preténdese garantir o desenvolvemento do alumnado a través dunha atención personalizada en función

das necesidades que teña cada estudante.

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os existentes no departamento e adaptados ás características do alumnado adulto polo/a profesor/a. Os apuntamentos de referencia serán as unidades didácticas editadas pola Consellería de Educación no seu portal web: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204> así como diverso material de reforzo que, para alén de ser tratado na clase, estará a disposición do alumnado na aula virtual.